



Paraíso
entre ríos

INFORMACIÓN MUNICIPAL

Remata este 2018 coa satisfacción de poder dicir que traballamos poñendo todo o noso esforzo en proporcionar, ás persoas de Paderne, o maior nivel de benestar buscando sempre satisfacer o mellor posible as súas necesidades.

O **emprego** foi unha das nosas metas; proporcionar oportunidades de traballo para todos levounos a participar nos diversos obradoiros de emprego que axudaron a dar traballo e formación a moitos veciños.

Queremos sentar unhas boas bases para que os emprendedores poidan defender os seus proxectos e con eles xerar emprego; isto supón unha premisa imprescindible se queremos avanzar. Con esta filosofía se está a traballar no espazo **Coworking** de Souto esperando axudar ós autónomos e servir así de modelo na comarca.

Nos tempos da globalización é imprescindible contar con servizos de **Internet** de boa calidade que faciliten o acceso ós contidos da rede de xeito cómodo; esta é outra das liñas de traballo nas que xa se están a ver froitos coa instalación de redes ultrarrápidas que posibilitarán o acceso a

Internet de máis de 100 Mbps, porque queremos facilitar unha boa calidade de vida adaptada ás novas tecnoloxías.

O **aproveitamento das terras** e a recuperación do Branco Lexítimo, está sendo xa unha boa oportunidade de negocio para Paderne co recoñecemento do traballo realizado con estes caldos.

O traballo coa Reserva da Biosfera, impulsando unha **Marca de Calidade**, tamén veu os seus froitos coa obtención dos tres primeiros certificados de calidade a nivel mundial; un deles obtido por la empresa de Paderne, Orballo, de Do-

nín, centrada na produción ecolóxica coa posta no mercado do primeiro té ecolóxico de Europa.

Estas son algunhas das liñas nas que seguiremos poñendo todo o noso empeño porque considero que, despois da saúde, o traballo é o máis importante que ten unha persoa para poder vivir con dignidade.



Bo Nadal e Feliz Ano

O Voso Alcalde

Presentación de dous novo Obradoiros de Emprego

O pasado 18 de outubro en Abegondo e o 8 de novembro en Miño, presentáronse os obradoiros "Obradoiro de Emprego Reserva da Biosfera: Emprego no Rural" en cooperación conxunta entre os concellos de Abegondo, Betanzos, Carral, Coirós, Oza-Cesuras e Paderne e o "Obradoiro de Emprego en Atención Sociosanitaria" en cooperación conxunta entre os concellos de Miño, Pontedeume e Paderne.

Un esforzo máis co obxectivo de proporcionar emprego e formación ás persoas de Paderne contribuíndo así ó benestar de toda a poboación.



O Alcalde xunto cos alcaldes dos outros concellos participantes, persoal docente, administrativos e alumnos do "Obradoiro de Emprego en Atención Sociosanitaria"



Os participantes na actividade despois de visitar Muíño Novo en Chantada.

Sendeirismo polo Camiño Inglés en Paderne

Tivo lugar o 2 de novembro nun tramo do Camiño Inglés, desde a Ponte de Lambre ata Chantada.

Unha maneira de coñecer o patrimonio natural do Concello é recorrerlo; para elo, o Concello de Paderne organizou unha serie de actividades para rapaces que se van a realizar ó longo do ano sendo esta a primeira delas.

Xornada contra a Violencia de Xénero

Este pasado 26 de novembro, o Alcalde, presentou a xornada contra a Violencia de Xénero destacando o papel do fomento da educación en valores como piar básico do respecto e a igualdade entre sexos.

Fixo especial fincapé na repercusión familiar e social dadas as profundas fendas que deixa nas persoas que a padecen, especialmente os menores.

O Concelleiro de Benestar Social realizou a lectura do Manifesto do Concello de Paderne sobre violencia de xénero e, a continuación e nun clima moito máis lúdico, contouse cunha actuación de maxia centrada no tema do día.



Presentación do acto

Excursión a San Andrés de Teixido

Realizouse o día 30 de novembro, día de San Andrés. Os asistentes puideron asistir á misa cantada e a posterior procesión, ademais de cumprir cos rituais que o acompañan como o de pedirlle favores ó Santo, ir a beber da fonte dos tres canos, tirar a miga para ver si se van a cumprir as peticións, coller a herba de namorar ou os sanandreses.

Un día estupendo que se completou cunha agradable comida en Cedeira e un paseo posterior pola cidade de Ferrol.

Aulas de Conciliación

Vanse a poñer en marcha durante as vacacións de Nadal para tódolos menores de entre 3 e 12 anos empadroados no Concello.

Veñen a facilitar a conciliación da vida familiar e laboral a todas aquelas familias nas que ambos proxenitores traballen.

Estarán en funcionamento do **26 de decembro ó 4 de xaneiro** e as familias que cumpran as condicións para solicitálas e estean interesadas, poden facelo ata o 19 de decembro.

Unha das actividades coas que contarán os nenos e nenas asistentes ás Aulas de Conciliación será unha actuación musical a cargo de Fabaloba.

Papanoelada Moteira Solidaria

O sábado **22 de decembro**, Paderne vai a ser un dos concellos polos que pase unha ruta moteira solidaria na que os integrantes, vestidos todos de Papá Noel, promocionan unha recollida de alimentos e xoguetes para a Cruz Vermella.

Esta **Papanoelada Moteira Solidaria** terá a chegada ó noso Concello ás **16:45 h** aparcando na explanada do Centro de Saúde durante media hora para saúdar a tódolos nenos e nenas.

Tódolos participantes na doación de xoguetes poderán asistir posteriormente ó fin de festa na Praza García Hermanos de Betanzos onde se servirá unha chocolatada con churros.

Os que desexen colaborar, terán á súa disposición unha caixa na Casa do Concello onde depositar os seus donativos (1 KG DE ALIMENTOS E/OU UN XOGUETE) que logo serán recollidos ese mesmo día 22 de decembro.

Pintado da Estrada N-VI

No pasado mes de outubro, as parroquias de Souto e Viñas víronse afectados polo pintado da estrada N-VI deixando, ós veciños, sen posibilidade de acceder ás aldeas nin realizar cambios de sentido nos tramos que antes si o permitían.

Ante esta situación, o Alcalde púxose en contacto cos responsables de Fomento na provincia de A Coruña explicando as queixas recibidas e de como afectaban estes cambios á vida das persoas de Paderne.

Tras os contactos realizados polo Alcalde, con data de 26 de outubro, quedaron restablecidos tódolos accesos solicitados.

Aprobación en Pleno dos Festivos Locais para o 2019

O Concello de Paderne ven de aprobar en Pleno de 4 de outubro de 2018, a elección dos días **5 de marzo**, martes de entroido, e **16 de agosto**, como festivos locais.

ITV de Vehículos Agrícolas

Os días **2, 3 e 4 de xaneiro** realizarase a inspección técnica de vehículos agrícolas no campo de O Telleiro, en Paderne.

As horas que vai a estar este servizo en Paderne son de **9:00 a 13:30 horas e de 15:15 a 18:00 h**.

Os interesados poderán pedir cita anticipada para poder pasar a revisión dos seus vehículos chamando ó teléfono 902 30 90 00 ou na páxina web: www.sycityv.com – Cita previa.

A Xestión das Contas. Exercizo 2017

Rematamos o exercizo 2017 cun remanente de tesourería positivo de **1.598.012,43 €** afrontando estes novos presupostos sen ningún tipo de débeda

Cumprimos co obxectivo de estabilidade orzamentaria positiva da liquidación de 2017 cunha capacidade de financiación de **788.288,26 €**.

Cun periodo medio de pago a provedores non superior a 30 días, sendo o último PMP rendido do carto trimestre de **12,50** días.

A xestión económica realizada sitúa ó noso Concello nunha boa posición para afrontar as necesidades dos veciños e con ela estar tamén á altura da confianza depositada.

Plan Único de Concellos "POS + 2019" da Deputación da Coruña

Neste Plan, que pretende dar resposta á situación e necesidades concretas de cada concello reforzando a súa autonomía e responsabilidade, están incluídas as seguintes obras:

- Na parroquia de Quintas:

- ✓ Núcleo urbano A Lameira
- ✓ Camiño Xevedo – Chousa do Río
- ✓ Camiño da Puceira

- Na parroquia de Paderne:

- ✓ Estrada provincial do Cruceiro
- ✓ Estrada provincial do Telleiro

- Na parroquia de Obre:

- ✓ Estrada provincial da Gurita
- ✓ Estrada provincial do Francés

- Na parroquia de Viñas

- ✓ Núcleo urbano de Lambre
- ✓ Lambre – As Mámoas
- ✓ Camiño da Fonte de Insua
- ✓ Estrada do cruce de Insua ó Muelle e Tixoso
- ✓ Núcleo urbano da Aldea de Arriba (Insua)
- ✓ Cruce Centeás – acceso Crus dos Remedios – aldea de Insua – O Souto – Costa da Pomte

Por un importe total de **99.427,81 €**

Plan Complementario do POS + 2018

Contempla as seguintes obras:

- **Alumeado público da aldea de Insua** que inclúe o cambio das actuais lámpadas por unhas led de baixo consumo e acondicionamento do cadro xeral de manobra por un total de **33.613,45 €**
- **Aglomerado en Souto**, de Vilademeus a Gas por un total de **40.000 €**
- **Mellora e ampliación do saneamento municipal en San Mamede, Vigo** que inclúe os lugares de A Portela, Vión e Costa de Lucas por un total de **64.038,38 €**

Adhesión a Concellos Emprendedores

O Concello de Paderne vai a solicitar a adhesión á rede de Concellos Emprendedores que ten como obxectivo a implantación e fixación de empresas en Galicia.

Esta iniciativa, xurdida a partires dun convenio asinado pola Xunta de Galicia e a Fegamp, trata de impulsar a inversión empresarial concedendo, ós concellos adheridos, preferencia en convocatorias de axudas da Xunta dirixidas ó emprego, á mellora dos parques empresariais, á creación de viveiros industriais, ó impulso da biomasa ou axudas para o desenvolvemento do comercio.

Con ela preténdese axudar ó tecido produtivo do Concello poñendo facilidades para a súa implantación e consolidación.

Obradoiro sobre o Aforro de Luz no Fogar

O Concello pon novamente, a disposición das persoas do municipio, a posibilidade de participar nun obradoiro formativo en relación co aforro enerxético no fogar.

Será o **28 de xaneiro ás 19:30 h** na Casa do Concello e tratará os seguintes temas

- Comprender a factura da luz e optimizala segundo as necesidades de cada familia
- Mostrar opcións para pequenos cambios nas vivendas que supoñan aforro
- Pautas de comportamento que posibiliten este aforro
- Bono social e outras axudas

Os interesados teñen ata o día anterior para inscribirse, podendo realizalo na oficina municipal de servizos sociais. O aforo está limitado a 20 persoas.

Actividade de Orientación (Actividades Extraescolares)

O vindeiro día **27 de decembro**, realizarase a actividade de ORIENTACIÓN ofertada dentro das actividades extraescolares para tódolos nenos e nenas en idade de escolaridade obrigatoria.

Dará comezo ás **11:00 h** co punto de encontro en Casa de Sixto en Sas, Velouzás. Os participantes recibirán as indicacións e o material necesario para o desenvolvemento da mesma; só teñen que acudir con calzado e roupa cómoda para disfrutar dela.

Animados pola primeira saída na que se realizou un tramo do Camiño Inglés, aumentou o interese de moitos dos rapaces do Concello por estas convocatorias solicitando a inscrición nas mesmas e compartir así novas experiencias por distintos puntos de Paderne.

Primeiro pago das actividades de adultos

Están suxeitas a pago as seguintes actividades: PILATES – INFORMÁTICA – LABORES – COIRO – CORTE – PINTURA – COCIÑA – PERCUSIÓN – GAITA

As actividades de XIMNASIA DE MANTEMENTO e MEMORIA son gratuítas.

Segundo a ordenanza municipal :

Actividades dunha hora á semana: **Pilates, informática, percusión, flauta/gaita**

	Prezo ó mes	Dúas cotas de	Prezo total do curso
1ª actividade	6.75	27	54
2ª actividade	5.5	49	98
3ª actividade	4.25	66	132
4ª actividade	3	78	156

Actividade de dúas horas á semana: **Cociña, coiro, corte, labores e pintura.**

(Tendo en conta a data de comezo de cada unha das actividades)

	Prezo ó mes	Dúas cotas de	Prezo total do curso
Labores	8	32	64
Coiro	8	28	56
Corte	8	28	56
Pintura	8	27	54
Cociña	8	25	50

Este primeiro pago das actividades pódese realizar durante todo o mes de xaneiro

Programación de Nadal

Festa de Nadal.- O Concello organiza unha festa de Nadal para os pequeniños das escolas de Educación Infantil e tódolos menores de 3 anos de Paderne o día 19 de decembro. Ás 11:00 horas haberá xogos e talleres para os pequeniños e terán a visita de Papá Noel que se achegará a recoller as súas cartas ata Paderne. Celebrarémola nas dependencias da Casa do Concello.

Concerto de Nadal.- Será o día **26 de decembro** ás 20:00 horas no Salón de Sesións da Casa do Concello. O músico Mijail Moriatov será o encargado de dirixir este clásico das datas do Nadal.

Cabalgata de Reis 2019

O día **4 de xaneiro** ás 14:30 h. está prevista unha recepción na Casa do Concello con motivo da visita das Súas Maxestades. Despois de ser recibidos polo Alcalde pasarán, xunto coa Comitiva Real, a facer o percorrido por tódalas parroquias de Paderne antes da chegada ó polideportivo municipal ás 18:45 h.

O Alcalde, xunto co Equipo de Goberno, desprazarase ata alí para recibilos e participar, xunto con todos aqueles que este día acudan, da ilusión e a maxia desta tradición.

Ademais de poder saudar ós Reis e darlles as cartas, está programado un espectáculo como remate deste día de festa.

Este día haberá agasallos para os participantes no "**Concurso de Nadal**" no que poden participar tódolos rapaces e rapazas de entre 3 e 12 anos. Todos deben estar empadroados no Concello de Paderne.

Os traballos poderanse entregar ata o día **19 de decembro**.

Excursión a Salamanca

Será os días **1, 2, 3, 4 e 5 de abril de 2019** con un custe de **348 € por persoa**.

Pasaremos uns días estupendos coñecendo esta fermosa cidade e algúns puntos do seu entorno hospedándonos no Hotel Corona Sol****(ou similar).

O programa previsto é o seguinte:

- Saída da Casa do Concello o **día 1 ás 7:30 h**, con guía acompañante, en dirección Salamanca para comer no hotel e á tarde visitar **Alba de Tormes**.
- **O día 2** visita á cidade de **Salamanca con guía oficial** (mañá e tarde).
- **O día 3** saída para **Miranda do Douro**, paseo en barco, parada no Valle del Águila, exhibición de aves rapaces e degustación de viños de Oporto. Comeremos a famosa **Posta Mirandesa** nun restaurante típico da zona e, pola tarde, seguiremos disfrutando deste magnífico entorno.
- **O día 4** iremos á **Alberca** e, de volta en Salamanca comeremos nun exquisito restaurante da cidade.
- **O día 5** e xa de regreso, visitaremos **Toro** onde veremos o Museo do Viño. A comida está prevista nun mesón desta localidade.

As persoas interesadas deben realizar a súa reserva de praza antes de finais de xaneiro aboando **100 €** en concepto de reserva de praza.

O importe restante realizarase do **25 de febreiro ó 4 de marzo**.

Os que desexen habitación individual teñen un incremento de **24 €/noite**.

Os que desexen maior información poden chamar por teléfono ó Concello.